

**A guerra civil tamén se perpetrou contra Curros Enríquez
(presencias e ausencias do nome e da obra
de Curros de 1936 a 1971)**

Xesús Alonso Montero

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

ALONSO MONTERO, XESÚS (2011 [2004]). “A guerra civil tamén se perpetrou contra Curros Enríquez (presencias e ausencias do nome e da obra de Curros de 1936 a 1971)”. En Xesús Alonso Montero, Henrique Monteagudo e Begoña Tajés Marcote, *Actas do I Congreso Internacional “Curros Enríquez e o seu tempo (I)”*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 41-102. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1425>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

ALONSO MONTERO, XESÚS (2004). “A guerra civil tamén se perpetrou contra Curros Enríquez (presencias e ausencias do nome e da obra de Curros de 1936 a 1971)”. En Xesús Alonso Montero, Henrique Monteagudo e Begoña Tajés Marcote, *Actas do I Congreso Internacional “Curros Enríquez e o seu tempo (I)”*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 41-102.

* Edición dispoñíbel desde o 28 de novembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

A GUERRA CIVIL TAMÉN SE PERPETROU CONTRA CURROS
ENRÍQUEZ (PRESENCIAS E AUSENCIAS DO NOME E DA OBRA
DE CURROS DE 1936 A 1971)

Xesús Alonso Montero
Universidade de Santiago de Compostela

A Carmen Fernández Méndez,
multada na Coruña, en 1937, por ter 350 libros
e folletos de contido “marxista” ou “pornográfico”.

1 INTRODUCCIÓN

Miñas donas e meus señores:

O título desta conferencia, sen dúbida bastante epifonemático, non debería inducir a engano. En realidade, o que me propoño nesta disertación é algo que se inscribe de cheo nun capítulo ilustre da historia literaria: aquel no que se estudia e examina a recepción da obra dun escritor, neste caso un escritor sempre conflictivo e, especialmente, no tempo político que se abre en España co asalto fascista do verán do 36 ás institucións republicanas, asalto que en Galicia triunfou en horas ou en moi poucos días, razón pola cal no noso país non houbo, *stricto sensu*, Guerra Civil. O que houbo, desde o 20 de xullo de 1936, é represión: terrible represión contra todo aquilo que estaba no viero da liberdade, da fraternidade e da igualdade, as tres grandes bandeiras da Revolución Francesa, enarboradas con entusiasmo pola España que triunfou nas eleccións do 16 de febreiro do 36, gañadas polo Frente Popular, victoria –cómpre recordalo– que sentaba os primeiros alicerces dunha democracia –social e económica– auténtica, programa este contra o que conspirou, xa desde os inicios da II República, a España reaccionaria e a España das clases privilexiadas, esas Españas que, no verán do 36, souberon manipular, en moitas ocasións, coa astucia ou co terror, as inquedanzas de centos de miles de persoas das clases populares, tanto que estas terminaron loitando, nalgúns territorios –de palabra ou de obra–, contra os seus propios intereses.

A represión exerceuse con especial saña contra os militantes ou simpatizantes do Frente Popular: socialistas, galeguistas, comunistas, azañistas, anarquistas... Perseguiuse con furia ós que propuñan un sistema social avanzado, e coa mesma furia o laicismo na escola e na vida pública, e coa mesma xenreira ós partidarios dunha concepción radicalmente anticentralista do Estado español. Caeron sindicalistas, foron abatidos os esquerdistas (mesmo os moderados) e non houbo tregua para aqueles que, algunha vez, desaprobaban os abusos da Igrexa católica ou cuestionaron algúns dos seus vellos usos. Ser antimonárquico, aínda de dereitas, constituía un perigo. Baixo a gadoupa deste espírito antirrepublicano, antiesquerdista e antiautonomista, defenestrouse case todo: desde os sindicatos de clase ó ensino laico, desde a liberdade de cátedra ás organizacións agrarias e desde os Ateneos populares ó Seminario de Estudos Galegos. En poucos días, instaurouse e consolidouse no país un único discurso, o oficial dos sublevados, no que non había posibilidade ningunha dun exíguo pluralismo ou dun contraste de matices. A pobreza e o monolitismo do discurso, por un lado, e o terror que perseguía calquera resistencia ou disidencia, por outro, fixeron do mapa cultural de Galicia, en poucos días, un ermo, un auténtico ermo. Naquel ermo fun educado eu en anos decisivos da miña vida, non só os da nenez.

Para que se producise este ermo –sinónimo de salvación da patria– perpetrouse o golpe de Estado do 18 de xullo, que, alí onde non triunfou, xeraría unha guerra civil, guerra que, nalgúns territorios de España, durou case tres anos. O 1 de abril de 1939, coa caída de Madrid –¡nome glorioso!–, o ermo estaba garantido para toda España. Perpetrouse a Guerra Civil para salva-la Patria, pois perpetrar (do latín *perpatrare*) é algo que só fan os pais, os *patres*, os verdadeiros patriotas.

Xa salvada a Patria, xa instaurado o ermo, paradoxalmente, houbo que coidalo. Había que erradicar do campo da cultura a Marx, a Ortega, a Antonio Machado, a Manuel Azaña, a Castelao e ás Misións Pedagóxicas, que é tanto como dicir García Lorca, Rafael Dieste, Lorenzo Varela e Otero Espasandín. En Galicia, a nova pedagogía empezou a cumpri-la súa misión, cun éxito digno

de mellor causa, desde fins de xullo de 1936. Nesas datas iniciouse unha operación que na súa intención constituíu un caso claro de xenocidio cultural.

Verbo dos *O divino sainete* que as Misións Pedagóxicas destinaron a algunhas escolas da provincia de Ourense, xa en outubro de 1936 unha circular da Inspección de Primeira Ensinanza¹ obrigou a retirar, entre outros: as Obras completas de Dostoievski; de Valle-Inclán, *Sonata de estío* e *Sonata de inverno*; varios títulos de Blasco Ibáñez; *Los pazos de Ulloa*, de Emilia Pardo Bazán; *Ana Karenina*, de Tolstoi; varias novelas de Pío Baroja; *Sin novedad en el frente*, de Remarque; *Tres ensayos sobre la vida sexual*, de Gregorio Marañón; *Los miserables*, de Víctor Hugo, e *Origen de la familia...*, de Federico Engels. Comezaba, no mapa escolar de Galicia, a desertización cultural.

Xa aquí, imponse saber qué pensaban os “perpetradores”, os salvadores da patria e da verdadeira cultura, de Curros Enríquez. Non ignoraban, de Curros, o seu republicanismo e os seus alegatos contra a Igrexa católica, dous pecados capitais para as novas autoridades. Tampouco ignoraban estas os versos de Curros en favor da Democracia e do Progreso, dous grandes delictos na nova situación. Tamén sabían os novos definidores que Curros era o poeta dos emigrados, dos labregos e, en xeral, dos humillados e ofendidos da nosa Terra. Tampouco ignoraban os novos lexisladores que este Curros, tan lonxe deles, era un poeta amado, un poeta que recitaban ou cantaban moitos galegos pese a escribi-los seus versos nunha lingua non escolar. Sabían os perpetradores que Curros, ademais de poeta amado, era, como cidadán, admirado, coa admiración que senten os humillados por todos aqueles que se arrepoñen ós poderes fanáticos e escuros, os da Igrexa neste caso. Centos de galegos, da xente popular en Galicia e en América, tiñan un libro de Curros como quen ten un tesouro, sobre todo se no volume con tanto agarimo gardado figuraban as páxinas do proceso, ese proceso no que, non sen problemas, Curros, defendido por avogados ardorosos e comprendido por maxistrados xustos, sae

1. *La Región*, Orense, 15-10-1936, p. 2.

victorioso ante as acometidas dun poder, o da Igrexa, odiado en certos medios populares. Pero Curros, para estas xentes, era algo máis ca un escritor republicano e anticlerical; era alguén que expuña estas ideas, tan queridas, en versos que prendían no seu espírito, incluso no dos máis iletrados, algúns dos cales descubrían no verso de Curros a palabra literaria, a palabra poética, o gusto pola poesía. De xeito impreciso, ese segmento do pobo sabía que Curros nunca arrolara “o sono vil dos tiranos”, o que convertía ó noso poeta, na opinión das novas autoridades, en alguén que urxía suprimir de escolas e de bibliotecas. Destas autoridades, as de certas lecturas, que as había, sabían que Curros era un escritor comprometido, no sentido sartreano, tan comprometido que nos inicios da súa carreira de poeta en galego anunciou:

falareilles da patria ós desterrados,
de liberdade e redención ós servos.

Curros, a pluma máis militante da poesía europea do XIX, foi sempre fiel a este programa literario, programa intolerable, sen dúbida, para os novos magnates e caciques de Galicia.

Curros Enríquez, o cidadán e o escritor, estaba moi presente na sociedade galega nos anos da II República, o réxime político por el cobizado e cantado. O 11 de agosto de 1934 inaugurouse oficialmente na Coruña o monumento labrado polo gran escultor Francisco Asorey. (Galicia aínda non erixiu un monumento desta magnificencia e riqueza a ningún dos seus escritores). No acto, solemne e multitudinario, faláron: Niceto Alcalá Zamora, Presidente da República Española; Alfredo Suárez Ferrín, alcalde da cidade, e Manuel Lugo Freire, Presidente da Academia Galega. Dous días antes, o señor Suárez Ferrín invitou ós cidadáns da Coruña a asistiren a aquela festa cívica en termos que conforta reproducir: “... Curros Enríquez, nuestro poeta civil... el cantor de nuestras rebeldías, el vate de la lira de hierro, que señaló en sus estrofas a nuestra tierra un camino de redención”.

O señor Alcalá Zamora, Presidente da República, iniciou a súa alocución sinalando que a súa presenza en Galicia era para

“tributar homenaxe a uno de sus hijos más insignes” e tamén para render testemuño de gratitude “a uno de los proféticos precursores del régimen que simbolizo”. Nese momento, a multitude, inmensa, aplaudiu.

O magno monumento, obra de Asorey, erixido polo fervor de tantos e tantos galegos, foi lugar de cita, un ano despois (o 25 de xullo de 1935), de dezasete intelectuais galeguistas que glosaron, diante de dez mil persoas, temas e problemas que estaban na realidade latexante daquela hora e que, décadas antes, xa atoparan en Curros Enríquez o seu poeta e o seu denunciador. Velaquí, miñas donas e meus señores, algunhas das intervencións: “Curros e os labregos” (por Castelao); “Curros e o caciquismo” (por Xosé Núñez Búa); “Curros e a emigración” (por Ramón Suárez Picallo); “Curros e a Fala” (por Lugrís Freire) e “Curros e a guerra civil” (por Ricardo Carballo Calero, que se referiu á terceira guerra carlista, da que Curros Enríquez foi cronista e vítima). Este foro, o dos 17 oradores, non se reeditou un ano despois, data esa, o 25 de xullo de 1936, na que Galicia xa estaba baixo a bota de Atila dos sublevados.

Precisamente, poucos días despois, eran asasinados Alexandre Bóveda e Víctor Casas, dous dos oradores do 25 de xullo de 1935, e tamén foi asasinado, o 31 de agosto, Alfredo Suárez Ferrín, o alcalde coruñés que, en 1934, definira a musa rebelde de Curros Enríquez en termos tan xustos e tan entusiastas. Naquel tórrido verán de 1936, estar con Curros era un delicto, o delicto de seren republicanos, o delicto de loitaren contra a Galicia caciquil e clerical e o delicto de homenaxearen ós poetas grandes que, como Curros, utilizaron o seu verso como espada de denuncia para o presente e para o futuro.

Abatidos algúns dos panexiristas do noso poeta, chegara a hora de persegui-los seus libros e de silenciar ou lixa-lo seu nome. E así se fixo. Para os sublevados do 36 e os instauradores do novo réxime, Curros Enríquez era un nome que bater, e a súa obra literaria unha voz que urxía enmudecer, marxinar ou terxiversar.

Se, como tódolos historiadores afirman, os sublevados se alzaron contra o laicismo, a pluralidade ideolóxica, a reforma agraria, os Estatutos de Autonomía e os sindicatos de clase, está claro

que nese programa de xenocidio cultural o nome e a obra de Curros eran inimigos que bater. Así pois, tal como reza o título desta conferencia, a Guerra Civil tamén se perpetrou contra Curros Enríquez. Non era para menos: os perpetradores e o franquismo posterior foron coherentes. Cómpre sinalar, sen embargo, que, coherentes sempre na intención, non sempre borraron do mapa o nome e as páxinas conflictivas de Curros Enríquez. Non sempre foi posible.

Esta conferencia é a crónica das presencias e das ausencias de Curros en Galicia durante 35 anos: de 1936, ano da sublevación fascista, a 1971, data na que a edición dun volume coa poesía galega completa de Curros é vítima dun expediente extemporáneo, ou sexa, dunha decisión censoria que xa non era propia daquel tempo. A nosa crónica, ademais de centrarse no que acontece –ou non acontece– na España de Franco –na España do exilio interior– abrangue asemade, desde o mesmo 1936, os principais focos intelectuais da Galicia exterior, nalgúns dos cales as defensas de Curros e a produción bibliográfica currosiana foron, en boa parte, unha réplica –tamén política– ós silencios e desconsideracións da España franquista.

2 GALICIA DE 1936 A 1939: PAULIÑA Ó HEREXE
E LUME PURIFICADOR

Moi poucos meses despois da Sublevación, unha comisión depuradora en Lugo decretou a prohibición, nas bibliotecas escolares, da poesía de Curros Enríquez. A pragmática condenatoria contra *Aires da miña terra*, que foi publicada no *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo* o 21 de xaneiro de 1937², está subscrita por unha comisión depuradora de bibliotecas escolares na que figura José Filgueira Valverde, meses antes militante da Dereita Galeguista e nesta altura persoa grata ás novas autoridades. Cómpre sinalar, sen embargo, que, con ou sen Filgueira Valverde, a obra poética de

2. Publicamos en apéndice o facsímile da primeira páxina do *Boletín*, no que figura a relación de libros depurados. Hai, verbo de Curros, imprecisións, polo menos no título (que debería ser *Aires da miña terra*). Non se cita a edición, que, de referirse ó volume I das *Completas*, tería que incluír, tamén, *O divino sainete*, libro non menos “perigoso” que *Aires*.

Foi Claudio Rodríguez Fer quen, por primeira vez, mencionou esta depuración.

Curros Enríquez non se salvaría da pauliña: da súa presenza no *Index librorum prohibitorum* daquel tempo. Por outra parte, teño case a evidencia de que o profesor Filgueira, pasada a convulsión dos primeiros meses, tan inzados de arbitrariedades, non foi, naquela comisión depuradora, un censor moi estricto.

Xa algo antes desta data, o 20 de decembro de 1936, un periódico da diáspora publica, asinado por M. Agromayor, un artigo co título “Curros Enríquez, procesado outra vez”, artigo no que denuncia que “Un insignificante delegado... ha secuestrado en la biblioteca pública de cierta villa orensana obras de Curros Enríquez, y ha dispuesto además en uno de los bandos que suscribe... que se prohíba recitar los versos del poeta de Celanova”³. O autor aclara que a noticia apareceu nun “periódico de Orense”⁴, xusto á beira das que informan dos fusilamentos do día e da expulsión de vinte mestres das súas escolas. Para o autor, os prohibidores de Curros “no me parecen bárbaros; solo me parecen lógicos”. Descendentes dos que, en vida, procesaron a Curros —engade—, “ahora secuestran sus libros porque no pueden fusilarlo”.

Está por escribir unha monografía sobre os fondos bibliográficos queimados, case sempre na praza pública, polos feixistas galegos nos primeiros anos da represión cultural. O lume purificador aplicouse a moitos e moi distintos libros e folletos. Xa *La Voz de Galicia* publica, o 19 de agosto de 1936, a foto de 15 falanxistas que, brazo en alto, observan a fogueira purificadora na que arden “gran cantidad de folletos y libros extremista y pornográfica”⁵. Así reza o pé da foto que se abre cun lacónico comentario do xornal coruñés: “¡Mala peste!”.

Supoñemos que a proeza purificadora aconteceu na Coruña. Non é improbable que nesta pira “patriótica” houbera exemplares de *Aires da miña terra* e *O divino sainete*.

3. *Galicia*, Buenos Aires (Federación de Sociedades Gallegas), 429, 20-12-1936.- Reprodúcese na colectánea *Guerra Civil (1936-1939)* e *Literatura Galega (Textos e documentos para unhas xornadas de estudio e debate)*, ed. de Xesús Alonso Montero e Miro Villar, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 1999, pp. 14-15.

4. Que non logrei consultar.

5. Debo a noticia e a correspondente fotocopia a Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda.

O concepto de libro marxista era tan lato que abranguí a títulos de autores da esquerda máis moderada, como lato era o concepto de libro pornográfico, no que entraba, por exemplo, o libro do doutor Gregorio Marañón *Tres ensayos sobre la vida sexual* (1926).

Queimados ou non, os libros perseguidos na España de Franco eran case todos. Unha circular da “Jefatura del Servicio Nacional de Primera Enseñanza” establece en 1938: “... aún existen en algunas escuelas de la Nueva España libros escritos con fines proselitistas, adoctrinamiento antipatriótico y antirreligioso, deficientes en el ámbito pedagógico o escritos por autores declaradamente enemigos del Glorioso Movimiento Nacional, que actualmente desempeñan funciones de confianza a las órdenes del soviet de Barcelona”.

Á luz de tan xenerosos criterios, a circular prohibe, ademais do libro de relatos *Flor de leyendas*, de Alejandro Casona, *El libro de los insectos* (de Antonio Sulueta), *Inventario de Geometría* (de Daniel G. Linacero) e *Poesía infantil* (de L. Sánchez Trincado)⁶.

Hai un decreto do 24 de decembro de 1936 que declara ilícita “la producción, el comercio y la circulación de libros, periódicos, folletos y grabados pornográficos o de literatura socialista, comunista, libertaria y, en general, disolvente”. Disolvente era, para as autoridades da Nova España, unha boa parte da obra poética de Curros Enríquez, autor do que ningún periódico galego reproduce versos seus nos anos da Guerra Civil, nin sequera versos alleos á súa musa de combate. *El Compostelano*, que tantos poemas galegos reproduciu neses anos⁷, a primeira vez que ofrece ós lectores unha composición de Curros é nunha data posterior ó final da contenda (18 de abril do 39). Trátase –convén sabelo– dun poema “floral”, moi dunha páxina primaveral: “A primaveira”. Sáíbase, por outra parte, que este xornal, pese ó seu conservadorismo, acollera, noutras datas, poemas incisivos de Curros: “A Igrexa fría” (20-4-1928), “Nouturnio” (10-10-1928)... En calquera caso, *El Compostelano*,

6. Reprodúcese no *Boletín Oficial del Arzobispado de Santiago*, de onde o tomo.

7. Vid. Marqués Valea, Xulia, *A Literatura galega no xornal El Compostelano (1920-1946)*, Santiago de Compostela, O Correo Galego, 1999.

que deixa de publicarse en 1946, nunca máis ofreceu versos de Curros Enríquez.

Na historia da represión cultural non escasean os episodios nos que as autoridades bibliófagas, ademais de incautárense dos libros de determinados particulares, impuñan multas de consideración. Citemos, entre outras persoas damnificadas na Coruña, a Carmen Fernández Méndez, quen, por ocupárenselle 350 libros e folletos de contido marxista ou pornográfico, foi multada con cen pesetas de 1937⁸. A ela, de quen, polo de agora, non teño outros datos, vai dedicada esta conferencia.

Tamén neste martiroloxio do libro hai mártires anónimos, un deles un vendedor de periódicos, coruñés, detido xa en agosto do 36 por ter na súa casa 2000 libros e folletos de orientacións comunistas⁹. Os historiadores que se atean só a estas fontes de información poden chegar á conclusión de que na Galicia anterior ó Dezaioito de xullo de 1936 o que predominaba era o libro de contido marxista, o que, infelizmente, está moi lonxe da verdade. Pero así era de maniquea a propaganda das novas autoridades.

3 CURROS NOS ANOS DA GUERRA CIVIL NO TERRITORIO REPUBLICANO

Cando ningún periódico en Galicia reproduce versos de Curros Enríquez, nin sequera os de contido máis idílico, dúas revistas da España leal acollen poemas seus, moi da súa lira de bronce e especialmente significativos. *Nueva Galicia*, do V Rexemento, reproduce “Mirando ó chau”¹⁰, polo que o poeta foi procesado e condenado en 1880, e “Pola unión”¹¹, alegato, na Habana, en 1894, para que os galegos daquela cidade se unisen nunha tarefa común, especialmente os de dúas institucións mencionadas nos derradeiros versos:

8. Vid. a noticia en Fernández Santander, Carlos, *Alzamiento y Guerra Civil en Galicia*, I, Edicións do Castro, 2000, p. 389.

9. *El Pueblo Gallego*, Vigo, 22-8-1936.

10. Núm. 12, 8-8-1937.

De *Nueva Galicia* hai ed. facsímile en Edicións do Castro, 1997.

11. Núm. 53, 7-11-1938.

¡que o Presidente do “Centro”
estreite a man do de “Aires”!

Antes soan versos como

Vámonos todos unir,
matando rencores cegos
¡que na unión dos bos gallegos
está da Patria o porvir!,

versos que valen, a fins de 1938, xa no desánimo das vésperas da derrota republicana, para instar, ás forzas do Frente Popular, con palabras dun poeta amado, a unha maior unión¹².

Nova Galiza, a revista dos galeguistas, reproduce a primeira parte de “Encomenda”¹³, páxina na que o poeta declara que posúe “unha corda muda” na súa “lira torva”, a lira que as circunstancias creadas polo fascismo esixían naquela hora.

Curros, ó seu modo, foi, nestas datas, poeta contra Franco. En 1937, José María Acebo publica, “en recuerdo de nuestro poeta rebelde Curros Enríquez”, o poema “¡Mercenarios de la pluma!”¹⁴, diatriba contra escritores como José María Pemán e outros desta índole

sometidos al oro y a la gracia
del mercader que compra sus escritos.

Nesa situación, o noso poeta interpela a Curros, consciente da necesidade de plumas como a súa:

Tú ante nadie humillaste tu cabeza
ni cantaste a los reyes ni a los papas.
Tu musa fue el gemir de los humildes,
el llanto de las madres y los parias.

12. *Nova Galicia* non reproduce os dez últimos versos; bástalle cos anteriores, de contido xeral, en favor da unidade, que son os que canxan na situación de 1938.

13. *Nova Galiza*, 16, marzal, 1938.

14. *Nueva Galicia*, 9, 11-7-1937.

Si ahora vivieras, tronarías de nuevo
contra los que asolaron nuestra Patria,
y caerías sobre los traidores
haciendo de tu pluma fuerte espada.

Noutro poema¹⁵, no que relata a traxedia dos nove antifascistas do bou Eva (Vigo, 23-4-1937), este poeta civil e belixerante bota de menos a excelsa lira de bronce de Curros Enríquez:

Si tuviera de nuestro gran Curros
la pluma y la frente
cantaría con versos sublimes
la gesta valiente¹⁶.

Anos despois, poetas galegos antifascistas de Buenos Aires apelaron, de novo, a Curros, para, baixo o seu maxisterio, combateren, coa espada do verso, a mesma tiranía, a de Franco. O primeiro, no tempo, foi Xervasio Paz Lestón (1952), quen, no soneto “A Curros Enríquez”, escribe:

nestas horas de torpe hipocresía
en que a moura reacción forxa a metralla
pra darlle á Liberdá feroz batalla,
vén connosco a bater a tiranía.

Paz Lestón publicou máis poemas deste tipo, e, neses anos, outros poetas galegos de Buenos Aires invocaron a Curros no mesmo sentido¹⁷.

4 EN ESPAÑA DE 1939 A 1951: UNHA ESTRANHA EDICIÓN
DE 1943 E UN TEXTO AUTOCENSURADO DE
OTERO PEDRAYO

A presenza de textos currosianos (de ou sobre) nestes doce anos foi escasísima, case nula, na prensa galega. E o que se pode

15. *Nueva Galicia*, 7, 27-6-1937.

16. Vid. o meu artigo “O poeta Curros Enríquez contra Franco”, *Boletín da Real Academia Galega*, 362, 2001, pp. 137-47.

17. Vid. os textos no art. cit. na nota 15.

afirmar rotundamente é que non houbo, en Galicia, ningunha edición de ningunha das súas obras, nin sequera da “Virxe do Cristal”, poema ó que a Igrexa, antes e despois deste período, estivo sempre allea. Xa é significativo que o Bispado de Ourense ou o mesmo Santuario do Cristal non fixesen ou promovesen, cun lexítimo obxectivo homilético, unha edición autónoma e popular da fermosa lenda mariánica.

Nestes doce anos ninguén publicou, en España, libro ou folleto sobre o noso escritor, nin sequera para execralo (non houbo esa sorte). En realidade, o único texto sobre Curros digno de mención é un poema de Aquilino Iglesia Alvariño do ano 1946 publicado nunha revista escolar e recolleito, un ano despois, no seu importante libro *Cómaros verdes* na sección “Nenias”¹⁸. A nenia, excelente, comeza deste xeito:

Ai, o vello amigo! Ai, as cantigas dos engrovios!
Lémbraste, amada? Floriu a abrótiga entre os cádavos.

En canto ó léxico, estes dous versos non son os máis difíciles, dificultade –hermetismo case dun *trobar clus*– que non sei se suscitou sospeitas políticas entre os custodios da doutrina oficial. De feito, dos 24 versos, só un, dos menos difíciles, inquietaría un pouco:

Ai, vello amigo! Zúan anátemas contra o hirexe.

Un ano antes, en 1945, Otero Pedrayo, na súa impar *Guía de Galicia*, nun breve capítulo dedicado á literatura galega, traza, de Curros, esta semblanza:

... de la cantora inmortal... de la que dijo otro gran poeta:

Ai dos que levan na fronte unha idea¹⁹,
Ai dos que levan no bico un cantar.

18. “Curros Enríquez”, *Gelmírez*, Instituto Nacional de Enseñanza Media Rosalía de Castro (Santiago de Compostela), 1946.

Cómaros verdes, Vilagarcía de Arousa, Edicións Celta, 1947.

19. Otero, que, sen dúbida, escribe de memoria, pon “idea” por “estrela”.

Toda el alma rebelde de Manuel Curros Enríquez (nació en Celanova, 1851; muerto en La Habana, 1908), late en esa exclamación dolorosa. Su musa es de combate y de sarcasmo, pero a veces el encanto de la tradición domina al poeta en la maravillosa leyenda “A Virxe do Cristal” y en poemas como “O gueiteiro” y “Unha boda en Einibó”. Curros entero se encuentra en el grande y apasionado libro *Aires da miña terra*. La inspiración de Carducci, Hugo y Guerra Junqueiro canta en sus amargos poemas de lucha, y pocas veces la lengua gallega adquirió la perfección formal de los tercetos de la terrible sátira *O divino sainete*. Murió Curros en el seno de la Iglesia, sin olvidar su primera educación religiosa. Fue su vida dura y trabajosa, de periodista liberal en Galicia, Madrid y Cuba, de emigrado y perseguido²⁰.

A páxina, moi estimable para aquel tempo e que honra a Otero Pedrayo, retoca, nalgúns puntos, a semblanza que o propio don Ramón fixera, en 1926, na primeira edición da *Guía*. Convén reproducila enteira:

El lirismo saudoso de Rosalía contrasta con el ímpetu revolucionario y el amargo sarcasmo de la musa de combate de Manuel Curros Enríquez (1851-1908). Como Guerra Junqueiro y Víctor Hugo, Curros atacó la intolerancia religiosa en “A Igrexa fría”, “Pelegrinos a Roma”, “Mirando ó chau”; mostró su negro pesimismo en el “Nouturnio”; evocó tipos clásicos gallegos en “O gueiteiro”, “Unha boda en Einibó” y otras composiciones de su libro *Aires da miña terra*. En él, la leyenda “A Virxe do Cristal” es un solitario poema místico impregnado por el aroma legendario del campo gallego. La terrible sátira *O divino sainete*, escrita en tercetos de fuego, ataca la hipocresía religiosa con bríos carduccianos. Algo conservó el alma de Curros de su primera educación religiosa; oscilante entre la desesperanza y la fe en un porvenir de justicia, es el poeta gallego que mejor encarna las luchas del siglo XIX. Emigrado y perseguido, conoció la miseria y el destierro; como tantos gallegos (Chao, Becerra, Placer, Añón, Aureliano Pereira, Vicenti, etc.), fue admirable periodista liberal, y como Rosalía, escribió novelas castellanas, hoy olvidadas²¹.

20. *Guía de Galicia*, Santiago de Compostela, Sucesores de Galí, 1945, pp. 162-163.

21. *Guía de Galicia*, Madrid, Espasa-Calpe, 1926, pp. 131-132. (Alertoume sobre este texto un oterólogo: Xosé M. Salgado).

Quen cotexe os dous textos cun pouco de atención axiña reparará en que Otero Pedrayo, non máis católico en 1945 que en 1926, axeita o seu texto ás circunstancias do novo contexto: non fala do bardo que atacou a intolerancia relixiosa e, á hora de referirse ás crenzas do escritor, afirma, en 1926, que conservou a súa primeira educación relixiosa, pero, na versión de 1945, engade que morreu no seo da Igrexa. Cando caracteriza *O divino sainete* salienta, en 1945, a perfección formal dos tercetos da “terrible sátira” pero omite, nesa caracterización, en 1945, cando se refire ás estrofas, unha valoración de ouro: “tercetos de fuego”.

Estamos –estou convencido– ante un acto de autocensura, dictada por aquel tempo cativo que era o de 1945. Por outra parte, quizais veña en axuda desta observación un artigo seu algo anterior (de 1942)²², que, por publicarse fóra, en Buenos Aires, contén expresións menos medidas: “la estrofa contra la injusticia”; “golpes al edificio negro de un pasado de fría sombra”; “Curros periodista demócrata, cronista insuperable de un momento”... Paga a pena sinalar, neste lector de Curros, fondamente católico e lonxe de todo xacobinismo, a devoción literaria que ten polo *Divino sainete*, que arrinca del estes xuízos:

a) En 1926: “La terrible sátira *O divino sainete*, escrita en tercetos de fuego, ataca la hipocresía religiosa con bríos carducianos”.

b) En 1942, nun artigo publicado fóra de España: “... tuvo el orgullo y el dolor de Galicia y trabajó su lengua, en algunos aspectos, de modo insuperable. Los tercetos de la sátira *O divino sainete*, precisos, rápidos, cortantes, probarían ellos solos la excelencia de la lengua”.

c) En 1945: “... pocas veces la lengua gallega adquirió la perfección formal de los tercetos de la terrible sátira *O divino sainete*”.

22. “Poetas de Galicia en el siglo XIX”, *Galicia*, Centro Gallego de Buenos Aires, 352, mayo, 1942.

Como dixen, neste período, as presencias de Curros son moi escasas e, en xeral, de moi pouca entidade. Sinalei dúas de certa significación²³.

Nesta miseria, case un ermo, sorprende, no ano 1943, a reedición, en Madrid, do volume I das *Obras completas* de Curros Enríquez, volume que contén, sen supresións, os dous libros esenciais do noso poeta: *Aires da miña terra* e *O divino sainete*. É, como reza a cuberta, a “sexta edición” deste primeiro volume das *Completas*, dato que proba o éxito de público destes dous libros, impresos conxuntamente seis veces desde 1908, data da primeira aparición desta edición madrileña feita pola casa editorial Librería de los Sucesores de Hernando²⁴.

Para quen coñeza o clima político daqueles anos ou para quen o vivise (que é o meu caso), sorprende, asombra que naquel universo tan censorio se publicase, *legalmente*, un volume con libros pródigos en páxinas execrables tanto para as autoridades civís como para as eclesiásticas, tan poderosas naquela semiteocracia. Pero o volume –sexamos xustos– aí está, e ninguén, nin os editores nin os censores, suprimiron “A Igrexa fría”, nin “Mirando ó chau”, nin a diatriba contra os xesuítas, nin as gabanzas á I República, nin as triadas máis incisivas do *Divino sainete*... ¡Asombroso, e hai que buscarlle unha explicación!

É certo que os editores eliminaron as páxinas do Proceso, textos que Sucesores de Hernando ofreceron nas cinco edicións

23. Unha máis, anecdótica: en Ourense, o 5 de marzo de 1943, homenaxeouse ó escritor franquista Xavier Prado “Lameiro” (que acababa de falecer), homenaxe que constou, no teatro Xesteira, de tres partes: musical a primeira, de cantos escenificados a terceira e, en canto á segunda, en “Recuerdo a los poetas ourensanos”, senllas composicións de Lamas Carvajal, Filomena Dato, Curros, Saco y Arce e o propio “Lameiro”. O poema de Curros, “¡Ai!”, coa música de Baldomir, foi cantado pola Srta. Silvia Rodríguez.

24. É a edición das *Completas* preparada polo seu fillo Adelardo Curros Vázquez en seis volumes. O de éxito foi o primeiro (que contén *Aires* e o *Sainete*), do que existen estas edicións: 1ª, 1908; 2ª, 1911; 3ª, 1917; 4ª, 1922; 5ª, 1929; 6ª, 1943. Esta, que é a que nos ocupa, sae baixo o selo editorial Librería y Casa Editorial Hernando, sen dúbida continuadora de Librería de los Suc. de Hernando, que ofreceu as cinco edicións anteriores.

anteriores, inserción, por outra parte, non orixinal, pois o propio Curros incorporounos á segunda e á terceira edicións (1881, 1886). Temos datos de que algúns lectores, sobre todo das clases populares, gardaban, como se dun tesouro se tratase, *Aires da miña terra*, tanto polos versos do poeta como pola prosa dos avogados que defendéron, en Ourense e na Coruña, ó escritor hostigado. Conta Antón Santamarina que este era o caso, na aldea fonsagrada de San Martín de Suarna, de seu pai, Benjamín Santamarina Becerra, e dalgúns veciños seus nos primeiros anos do franquismo²⁵. Está claro que, para os editores madrileños, as páxinas do Proceso eran, como nos tempos de Curros, un reclamo, cousa que sabían moi ben os censores ministeriais, razón pola cal non autorizaron a súa publicación se é que os editores cometeron a ousadía temeraria de enviárenlles ós organismos da censura previa. Aínda así, despois de *Aires da miña terra* dos textos do proceso –canónicos, en certo modo, desde 1881–, o volume de 1943, por forza, ten que sorprendernos.

Todo fai supoñer que quen promoveu esta edición foi Adelardo Curros Vázquez (1873-1968), daquela o único fillo supervivente do poeta. Temos razóns para pensar que agardaba da edición un certo lucro económico, moi cobizado, sen dúbida, para saír das estreituras nas que vivían el e a súa muller. Supoñemos que foi Adelardo Curros, máis que o director da casa editorial Hernando, quen negociou coa Administración. Cómpre aclarar que o negociador tiña, de entrada, un argumento importante: era unha persoa a quen non se lle podía apoñer que fose antifranquista. Creo que é significativo o dato de que figure no volume preparado por José Sanz y Díaz titulado *Lira bélica. Antología de los poetas y la guerra* (Valladolid, Editorial Santarén, 1939). A el pertence o poema que comeza:

Marchó a la guerra el soldado,
altivo, alegre, jovial,
y con la fe de un cruzado
dijo a su madre, abrazado,
[...]

25. “A familia Santamarina. Crónica da guerra e da posguerra”, *Guiceros*, 5, 1999.

mas... si eterna es mi partida,
¡di por España la vida,
que es altísimo deber!

Que Adelardo Curros era persoa pouco problemática para os poderes “ben pensantes” é algo que viña de lonxe: xa en 1908, na Coruña, é un dos que decide que seu pai sexa enterrado, como dicían os republicanos, “pola católica”.

Quen cotexe a edición de 1943 con calquera das cinco anteriores non só reparará na ausencia das páxinas do Proceso senón de certas notas e de dúas cartas. As cartas son as que Curros enviou a Francisco Díaz Silveira en 1907, referidas á “Cántiga”, e as notas, tres, son as que o propio Curros publica desde a primeira edición de *Aires*, referidas á “Virxe do Cristal” (moi extensa), á “Cántiga” e a “Tempo deserto”. Tamén se eliminaron dúas breves notas (a “¡Ai!...” e “Ten a serena o canto”) do “recopilador”.

Hai que pensar que estas supresións (non as das páxinas do Proceso) non se deben a razóns políticas e si ó afán, quizais, de ofrecer un volume algo menos groso.

En calquera caso, resulta hoxe moi sorprendente que a Administración franquista autorizase a edición, en 1943, deste volume, que ofrecía ó público dous libros tan “extremistas”, tan “disolventes”. Non creo que esta autorización obedezca á actitude do Réxime de Franco de ser –ou aparecer– un pouco máis permisivo naquel ano en que os franquistas sagaces intuían que Hitler e Mussolini perderían a guerra, o que algúns sospeitaban desde a batalla de Stalingrado (2 de febreiro), batalla na que as tropas soviéticas demostraron que o exército de Hitler non era invencible.

En Cataluña, por exemplo, houbo algúns xestos permisivos despois de 1943 (despois, por tanto, da decisiva batalla de Stalingrado). A edición, por exemplo, das *Compleatas* de Verdaguer en 1944. Outra cousa é que certos sectores intransixentes, como os falanxistas do SEU de Barcelona, queimasen na praza pública exemplares desta edición²⁶.

26. Solé i Sabaté, Josep M., i Villarroja, Joan, *Cronologia de la repressió de la llengua i la cultura catalanes 1936-1975*, Barcelona, Curial, 1994, p. 142.

5 EN BUENOS AIRES, NA HABANA E EN TOULOUSE
ENTRE 1936 E 1951

5.1 *En Buenos Aires*

A prensa da colectividade galega lembrou e honrou a Curros en non poucas ocasións, pese a que non houbo, neste período, efeméride currosiana importante (centenario do nacemento, cincuentenario da morte...). Xa foi citado e comentado o artigo de M. Agromayor, temperán, do 20 de decembro de 1936. Publicouno o voceiro da Federación de Sociedades Gallegas, *Galicia*, xusto o periódico que na súa cabeceira ostenta dous versos moi definidores da musa civil de Curros Enríquez:

falareilles da patria ós desterrados,
de liberdade e redención ós servos.

Foi neste periódico onde “León Rojo” (Alfredo Baltar), socialista de prosa sempre belixerante, publicou “Nuestro gran poeta civil”, artigo no que se alporiza pola manipulación que se fixo de Curros, ó morrer, por parte da “clerigalla habanera y los frailones de la colectividad”. En relación con esta cuestión estampa unha observación interesante: cando Curros ten necesidade na Habana dun traballo periodístico, foi o *Diario de la Marina*, “clerical y monárquico a ultranza, quien, en cierto modo, se portó decentemente con nuestro poeta”. No artigo, que é unha exaltación da musa cívica de Curros, desliza datos que conviría verificar. Por exemplo: que pecharon os ollos do gran escritor “la mano fraternal de Adelardo Novo y un poeta hispano-cubano amigo del bardo, cuyo nombre llamamos por razones íntimas” (9-3-1940).

No mesmo número publícase tamén un artigo de Domingo Cubeiro co título “Curros o la rebeldía”, nunha liña que canxa co artigo de León Rojo e co espírito do periódico.

Anterior nun ano é o número 314 de *Galicia*, do Centro Galego, correspondente a marzo, que acolle, entre outras páxinas, unha extensa nota biográfica e senllos artigos (son reproducións)

de Roberto Santos e Rafael Montoro, ategado este de gabanzas para o Curros periodista²⁷.

De 1940 é a primeira edición que se fai fóra de Galicia de *Aires da miña terra*, libro que, sen dúbida, demandaba parte da colectividade galega, especialmente nunhas datas en que en España non se reeditaba. Publicou o volume a editorial porteña Emecé, que é a editorial que xa nese ano publica, na súa colección Dorna, dous libros de poesía galega moi importantes: *De catro a catro*, de Manuel Antonio, e *Queixumes dos pinos*, de Eduardo Pondal. Fundou e dirixe esta benemérita colección Luís Seoane, quen, sen dúbida, non está alleo á iniciativa da publicación, en Emecé, de *Aires da miña terra*. Prologa e edición o novelista Alberto Insúa (1883-1963), moi coñecido daquela por *El negro que tenía el alma blanca* (1922) e outras novelas. Cubano, fillo do periodista galego Waldo Álvarez Insua, fai no prólogo algunha referencia ás relacións que houbo, na Habana, entre seu pai e Curros. Confesa no limiar que non está de acordo coa ideoloxía do poeta, a quen, sen embargo, considera “uno de los poetas más poetas que hayan existido en el mundo”. Consciente dos logros lingüísticos afirma que “fue el Malherbe de sí mismo”. Ignoro quen, en Buenos Aires, indicou que Alberto Insúa prologase esta edición de *Aires*, alguén, sen dúbida, que coñecía a relación entre Curros e seu pai, quen, en 1883, publicou un *Juicio crítico de Aires da miña terra* con gabanzas que para si quixeran, en palabras do propio Curros, Homero, Shakespeare e o mesmo Dante²⁸. Posúo un exemplar deste libro, cunha nota manuscrita do autor, redactada en 1920, na que se arrepinte da adhesión ideolóxica pero non “de mi intención de ensalzar al poeta”. Alberto Insúa, o fillo, non difire moito da posición do pai posterior a 1883²⁹.

27. A man que está detrás destas páxinas non é a de Luís Seoane, que sería director de Galicia pouco tempo despois, desde decembro dese ano (1939).

28. “A El Eco de... Galicia”, *La Tierra Gallega*, 85, 1-9-1895.

29. Paga a pena reproducir-la cuberta —e a portada— deste libro: M. Curros Enríquez / *Aires d'a miña terra* / (Juicio crítico) / por / W. A. Insua / Editor: Miguel de Villa / Calle del Obispo núm. 60 / Habana / 1883.

En realidade, o libro máis parece de Curros que de Insua, e, de feito, entre glosa e glosa, este reproduce unha parte non pequena dos versos de *Aires*.

No ano 1940, tan fértil en Buenos Aires, Eduardo Blanco-Amor pronuncia unha conferencia no Ateneo Pi i Margall, que foi moi aplaudida. Titulada “Volviendo a Curros”, trátase dunha disertación sobre o noso escritor deseñada moi en función da derrota da República Española e da situación creada pola II Guerra Mundial, situación na que os frades tórnanlos santos á cabeza “desde los aviones alemanes excomulgados por el Papa y los aviones italianos bendecidos por el Papa”. Na conferencia, o autor láíase de que a súa xeración, por “buen gusto”, deixara de “militar activamente en el anticlericalismo de nuestros padres”. Nesa disertación do 17 de agosto de 1940, Blanco-Amor comunícalles ós asistentes “su hallazgo casual del libro de Curros (refírese a *Aires da miña terra*), que, por cierto, es quemado el ejemplar en un auto de fe, cuando los salesianos de Orense se lo descubren en su cartera escolar”³⁰.

O 28 de setembro de 1947, o Centro Ourensán de Buenos Aires descobre o busto en bronce de Curros feito polo escultor galego Domingo Maza, acto no que se leron tres textos sobre o poeta: un de Otero Pedrayo, lido por Rodolfo Prada (“A saudade do poeta”³¹), outro de Avelino Díaz, e o terceiro, que clausurou o acto, de Castelao. Do seu discurso, “Homenaxe a Curros Enríquez”, inédito ata hai pouco³², convén reparar en:

a) Curros foi o poeta da rebeldía, como Rosalía foi o poeta da door.

b) Acusouse a Curros Enríquez de blasfemo; el, que fora o creador do gran poema relixioso “A Virxe do Cristal” e que na Semana Santa do 1896 escribiu a crónica máis conmovedora da paixón e morte de Xesucristo, como home e como Deus. E todo porque Curros, ao ver as inxusticias reinantes, puxera en beizos do Pai

30. “Volviendo a Curros Enríquez”, 24-8-1940. Así se titula, tamén, o resumo —bastante extenso— da conferencia. Posúo fotocopia da páxina. ¿De *La Nación*?

31. Publicado en *Opinión Gallega*, Buenos Aires, 1947.

32. Publicado por Henrique Monteagudo en Castelao, *Conferencias e discursos*, Santiago de Compostela, Fundación Castelao, 1996, pp. 283-89.

Eterno esta frase popular: “Si este é o mundo que eu fixen que o demo me leve”. E nada máis que por eso foi escomungado polo Bispo de Ourense... Pero Curros non era un blasfemo; era un home embebido pola máis pura moral cristiana. Era un crente, que basaba a súa relixiosidade e a súa fe no amor ao próximo, na liberdade humán, na xusticia social, e a súa vida era un exemplo constante de virtude [...]

Pero é que o Fillo de Deus non ten que volver ao mundo para expulsar a latigazos do seu templo aos novos fariseos e morrer crucificado de novo para redimírnos? Por eso eu fixen unha caricatura inspirada no mesmo asunto de “Mirando ó chau”, na que non aparece o “Le bon Dieu” de Béranger, nin o Pai Eterno de Curros, senón o demo bulrón que olla as inxusticias que reinan neste mundo i esclama: “I este é o mundo que fixo Deus?” Pois ben; esta caricatura figura no álbum *Nós* e o Arzobispo don Manuel Lago González veuno e non me escomungou, porque era un sacerdote galego³³. Non; Curros era un crente, un cristiano, un relixioso, pero veuse obrigado a abrazar o anticlericalismo, como Guerra Junqueiro, como aquel outro réprobo de Mondoñedo...

Cando Castelao fala da crónica que Curros escribiu na Semana Santa de 1896 refírese ó artigo “El símbolo” publicado en *La Tierra Gallega*, se ben o 14 de abril de 1895. O artigo é decisivo para entende-la relixiosidade e mesmo o tipo de cristianismo de quen conclúe esas páxinas con esta recomendación: “Es preciso que creamos en la divinidad de Jesús...”.

5.2 Na Habana

Cidade na que tantos anos viviu Curros (1894-1908), as publicacións da colectividade galega e outras son pródigas en artigos, notas panexíricas, fotografías e lembranzas. Neste período tamén se publicaron dous opúsculos currosianos: en 1944,

33. Cando se faga unha edición anotada deste fermoso discurso de Castelao, quizais o anotador, cando repare nesta afirmación, aclare que tamén eran galegos (e máis ou menos contemporáneos) os bispos Eijo Garay e Guerra Campos.

un de Francisco Marcos Raña, e en 1947, un de Emilio Castro Chané³⁴.

Titúlase o primeiro *El espíritu de libertad y rebeldía en Curros Enríquez*³⁵. Trátase dunha conferencia pronunciada o 9 de setembro de 1944 na Casa de Cultura da Habana “a beneficio del Pueblo Español”. Unha vez máis, pois, Curros Enríquez contra Franco, contra o franquismo. Presentou ó conferenciante a poetisa cubana Mirta Aguirre, presentación que constitúe tamén o limiar da conferencia impresa. Dela é esta interesante noticia: “No en balde ‘Unha noite na eira do trigo’ –que es como decimos por aquí, en la versión modificada del poema– ha pasado a ser canción de cuna para nuestros niños...”.

A conferencia de Marcos Raña responde, de cheo, ó título, no que se proclama o espírito de liberdade e rebeldía de Curros, rebeldía que suscita na súa pluma esta consideración:

Para mí, Curros era, sí, un rebelde, pero no un revolucionario. Un rebelde un tanto anárquico y sentimental, que sentía las injusticias de su época y se rebelaba contra ellas por instinto y por temperamento. Pero, tengo para mí, que no había leído a Marx, ni a ninguno de los grandes pensadores y sociólogos del pasado siglo, o, si los había leído, por lo menos, no había sido capaz de asimilarlos, ni habían ejercido en él la menor influencia. Únicamente los postulados de la Revolución Francesa ejercieron alguna influencia en Curros...

Sabido é que unha gran parte da crítica ten presentado a Curros como un caso extremo de poeta radical, como se dun revolucionario se tratase. Vai ser Marcos Raña, quizais sen sabelo, un dos primeiros en matizar esta cuestión: rebelde, incluso moi rebelde, si; revolucionario, non.

Non é ilóxico que esta observación proceda dun esquerdista marxistizante, colaborador, en 1944, de *Noticias de Hoy*, xornal do Partido Comunista (Partido Socialista Popular), no que

34. “Curros Enríquez en la emigración” (conferencia pronunciada na Sociedad de Autores de Cuba en xaneiro do 47), Habana, Imprenta Martí, 1947.

35. Habana, Gráfica Moderna, 1944.

tamén colaboraba Mirta Aguirre, prestixiosa marxista xa daquela³⁶. Sobre a cuestión (Curros ¿poeta revolucionario?) pronunciárame eu, negativamente, *in extenso*, no meu artigo de *Grial* en 1967³⁷. Cómpre ter en conta que Curros, ante un tema tan capital como é, na segunda metade do XIX, o do socialismo, é capaz de reprocharlle ó seu admirado Eduardo Chao unhas certas veleidades fourieristas e mesmo foi capaz de recoñecer que non lle desgustaba “o socialismo cristiano estilo León XIII”, doutrina que estaba a mil encíclicas do socialismo científico³⁸.

Francisco Marcos Raña publica ó ano seguinte un longo artigo titulado “Manuel Curros Enríquez”, que reproduce, case sempre *ad litteram*, a conferencia de 1944. Foi editado polo “Comité Pro-Bustos Manuel Curros Enríquez y Basilio Álvarez”, comité que funcionaba na sociedade “Unión Orensana” da Habana. Sei por Neira Vilas que o busto do noso poeta chegou a realizarse, non así o do gran orador agrarista, sobre o que escribe, neste programa, Adolfo V. Calveiro, devoto de Curros, tema no que posuía notable erudición. Polo menos desde 1938 ten publicado páxinas que os biógrafos do noso escritor deberían ter en conta, especialmente as relativas á presenza de Curros en Cuba³⁹.

5.3 En Toulouse

Nesta cidade, residencia de moitos anarquistas españois, imprimiuse no ano 1949 o opúsculo *Curros Enríquez, poeta épico de la España heroica* (Editorial Galicia Libre), cun prólogo de M. Vázquez Valiño, galego, tamén, como o autor, Campio Carpio (Campio Pérez Pérez)⁴⁰. De novo, Curros contra Franco, pois,

36. Francisco Marcos Raña naceu no Carballiño no ano 1900. Oficial no Exército Republicano na Guerra Civil, viviu moitos anos en Cuba (Neira Vilas, Xosé, *Castelao en Cuba*, Edicións do Castro, 1983, p. 248). Nestas datas aínda residía na Habana, onde escribe un testemuño para este libro (pp. 232-35). Faleceu en Madrid en data que Neira Vilas aínda non me precisou.

37. “Curros Enríquez ou a poesía como loita”, *Grial*, 17, 1967.

38. Art. cit. na n. 37, pp. 299-301.

39. “Apuntes para una biografía de M. C. E. Nogueira”, *Cultura Gallega*, Habana, 1938.

40. Anarquista (da Federación Obrera Regional de Argentina), emigrou a este país ós 17 anos. Vid. Penelas, Carlos, *Os galegos anarquistas*, A Coruña, Espiral Maior, 1996, pp. 48-49.

como se aclara no prólogo, o diñeiro que se ía obter coa venda do folleto sería doado “a la ‘Resistencia Gallega’. Resistencia que ha de culminar, indudablemente, en la total liberación del pueblo español” (p. 4).

O traballo de Campio Carpio é unha constante exaltación da rebeldía de Curros contra os poderes escuros, un Curros que el considera “el más grande poeta español de su siglo” (p. 29).

6 1951: CENTENARIO DO NACEMENTO DE CURROS ENRÍQUEZ

6.1 *O Centenario en España nos ámbitos oficialistas*

6.1.1 Unha escolma de Curros dun tal M. G. García

Vexamos, en primeiro lugar, os termos da portada do volume: M. Curros Enríquez / POESÍAS / Prólogo / de / M. G. García / Hispánica / Madrid. (No colofón engádese: “Este libro se imprimió en la imprenta Aguirre de Madrid”).

No prólogo, o autor, que asina en “Santiago de Compostela, agosto de 1951”, fai, entre outras, esta declaración: “En esta selección hemos introducido algunas poesías, muy pocas, en castellano...”. Así pois, M. G. García, ademais de prologuista, é o responsable da escolla: catro poemas en castelán (nunha especie de apéndice) e 17 en galego, dos cales, dun deles, “A Virxe do Cristal”, só se ofrece, loxicamente, un fragmento.

¿Quen é M. G. García? Alguén, sen dúbida, que se oculta baixo este pseudo nome, baixo este pseudónimo. Do que se trata é de saber por que o responsable dunha selección poética non dá a cara. Todo fai pensar que estamos ante un episodio de bibliopicaresca, ou sexa, de alguén que se quere lucrar, inmoralmemente, dos beneficios económicos que produza o libro, nunha data na que aínda vivía o titular dos dereitos de autor, un dos seus fillos, Adelardo, quen, noutras ocasións, se responsabilizou da compilación e edición das páxinas de Curros. Por outra parte, coñecidas son as circunstancias patéticas de Adelardo Curros e a súa muller, residentes, nese ano, nun asilo de Orihuela. Se isto fose unha

novela policíaca, algún detective sospeitaría do propio Adelardo, pero eu resístome a crer que M. G. García sexa un pseudónimo de Adelardo Curros Vázquez. Daquela, con astucia ou con poder, baixo o rubro de Hispánica, podía ofrecerse unha publicación que non ten responsable claro, un tal M. G. García. Fose quen fose, ofreceu ás autoridades da época e ós lectores ben pensantes o Curros que eses lectores e esas autoridades non cuestionarían. Que ninguén pense en poemas como “A igrexa fría”, “Mirando ó chau” ou calquera dos cantos do *Divino sainete*. Nin sequera “Na chegada a Ourense da primeira locomotora”. O prologuista, cínico ou sincero, aclara os seus criterios: “Aquellas poesías demolidoras pasaron, sin más gloria que el aplauso de la jauría que en aquel tiempo hacía coro a toda imitación extranjera y, por desgracia para su autor, con bien poco mérito artístico”. Máis sincero ca cínico, ninguén podería ofrecer unha escolma que fose moito máis alá dos 17 poemas deste volume (“O gueiteiro”, “Unha boda en Einibó”, “¡Ai!”, “Ben chegado”, “Melodía gallega”, “A Rosalía”, “A Mariquiñas Puga”...).

Estes criterios non son novos na crítica currosiana anterior á Guerra Civil. Os seus definidores están na liña, saíbano ou non, de Emilia Pardo Bazán, que, nunha famosa reseña á primeira edición de *Aires*, establece desde o comezo: “Señalado favor tendríamos que agradecer al Sr. Curros Enríquez..., si en vez de dar a la estampa el elegante tomito... *Aires da miña terra*, hubiese dado dos, titulado el uno *Colección de poesías gallegas*, y rotulado el otro en esta forma: *Colección de poesías político-sociales*”. Despois de gabar, non pouco, as primeiras, opina das segundas: “A las político-sociales, señaladamente a las que llevan por epígrafe ‘O mayo’, ‘Os mozos’, ‘A igrexa fría’, ‘Nouturnio’, ‘Mirando ó chau’, ‘Pelegrinos a Roma’..., lejos de considerarlas como dignas de ser puestas al lado de las otras, las tengo por inferiores en todos respectos, y me parecen lamentable caída desde el cielo del arte al abismo del espíritu de secta”⁴¹.

41. “Crítica literaria. *Aires da miña terra*”, *Revista de Galicia*, La Coruña, 13, 10-7-1880, pp. 181-83.

Debo aclarar que M. G. García, que subscribiría estes xuízos, non exclúe das *Poesías* de Curros o poema “Nouturnio”, poema moi presente —é curioso— nas gabanzas e nos antólogos “de dereitas”, o que proba a súa entidade de poema. Non así para dona Emilia, que, en calquera caso, di, en 1880, o que pensa (unha das súas virtudes intelectuais⁴²), guste ou non ós intelectuais de esquerda. Outra cuestión é a relación entre Curros e dona Emilia, excelente ata 1880 (“la amistad particular que nos une al poeta”). A Curros doéulle, sen dúbida, a crítica que lle fixo a unha parte dos seus poemas, e, anos despois, arremeterá contra ela dunha forma que non o honra (chámallo “certa literata fea” en 1888, no *Divino sainete*).

Cómpre aclarar que en España, no ano do centenario, o único libro de Curros que se publicou foi esta escolma de poemas. Supoño que ese volume foi quen representou a Curros ante moitos lectores. Unha estafa.

A antoloxía do enigmático M. G. García suscitou, no *ABC*, de Madrid, a reseña dun crítico importante, de Melchor Fernández Almagro, quen, ó referirse ó prólogo, cualifícao de moi breve, “dada la lejanía cronológica y conceptual en que se pierde la figura de Curros Enríquez desde el punto de vista de la generación actual”. O crítico non bota de menos, na antoloxía, outro tipo de poemas galegos (“el Curros sarcástico y corrosivo”) e só lle reprocha que no capítulo de poemas en castelán só ofrezca catro composicións, pois abundan nestas recursos que son unha clara anticipación do modernismo.

6.1.2 A oficialidade (I): os actos de Celanova, moi cuestionados fóra

As autoridades políticas de Celanova e Ourense algo tiñan que facer. Era imposible marxinar totalmente a Curros, tan vivo na memoria mesmo na Galicia dos vencedores. Por outra parte, as

42. No seu afán de sinceridade, ela, católica sincera, non omite consignar en nota: “La lectura de esta obra ha sido prohibida por el Reverendo Obispo de Orense a sus diócesanos”.

autoridades tiñan algunha noticia dos actos que se preparaban na diáspora galega, especialmente en Buenos Aires. A diáspora, consciente da situación galega, denunciábaa con forza. Foi na Galicia exterior na que se acolleu un chamamento escrito na Galicia interior que ningún periódico do país quixo ou se atreveu a publicar: un chamamento tan pouco “extremista” que as súas páxinas proban, claramente, a miseria e o medo dos custodios do discurso oficial. Publicouno, en Buenos Aires, *Galicia*, o órgano da Federación de Sociedades Gallegas, tan belixerante, como sempre, co franquismo. Unha nota da redacción aclara: “Este artículo fue enviado a toda la prensa de Galicia para su publicación el 15 de septiembre, fecha del centenario de Curros, y ningún diario de Galicia, de su Galicia, lo publicó. Juzgue el lector cómo andan las cosas en nuestra patria” (14-12-1951).

Do artigo, reproduzo os fragmentos máis problemáticos para os definidores do discurso oficial:

a) ... hoy debe ser día de gloria... [...] hagamos un altar espiritual en nuestros hogares, recitando o leyendo a nuestros hijos... los más bellos trozos de su obra inmortal...

b) Celebremos honrosamente el Centenario del gallego más gallego de todos los gallegos...

c) En todas las escuelas... los niños deben oír, en el día de hoy, de labios de sus maestros, las estrofas viriles y lánguidas, a la vez, del más enxebre de los poetas regionales. Y [...] deben sonar... las galleguísimas estrofas de “Unha boda en Einibó”, “O gueiteiro”, “Os mozos”, “Cántiga”, “Nouturnio”...

d) Galicia toda debe de hablar en el día de hoy solamente en su lengua vernácula, como homenaje al llorado Maestro de maestros, al más universal de sus Poetas...

e) ... hoy, en apretadas filas de sano galleguismo... rendimos a su magnífica obra el cariño, el respeto y la admiración que se merece. Ya que, oídllo bien, gallegos de Galicia y de todo el mundo: ¡CURROS solo hubo uno y... Dios rompió el molde!

O artigo, titulado “¡Galicia, por Curros!”, finaliza con este dobre aturuxo: “¡¡Por Curros y por Galicia!! ¡¡Terra a Nosa!!”

Como o nome E. P. Hidalgo non figura nos instrumentos bibliográficos galegos, alguén pode pensar que se trata dun pseudónimo, incluso dalgún galego do exterior que utiliza este “truco” (simular ser do interior) para incordia-lo Réxime de Franco. Pois ben, contra o que poida parecer, E. P. Hidalgo non é un pseudónimo. Sabemos por Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda que E[milio] P. Hidalgo, coruñés e funcionario do Instituto Nacional de Colonización, é autor dun poema galego en homenaxe a Curros, lido por Otero Pedrayo o 15 de novembro de 1951, no acto que a Real Academia Galega celebrou, na Coruña, en honra do poeta. Emilio P. Hidalgo é autor dun libro de versos, *Versalladas*, enviado en 1954 ó Centro Galego de Buenos Aires que, cremos, non chegou a publicarse.

De feito, currosianos como E. P. Hidalgo tiña que haber moitos na Galicia real de 1951, e, para eles, a Galicia oficial debería emitir algúns xestos positivos. Por outra parte, na prensa galega de Buenos Aires e doutras cidades de fóra, non escaseaban as denuncias verbo dos silencios ou das pequeneces que se producían en Galicia. Un exiliado galeguista, Ramón de Valenzuela, nunha conferencia proferida, co gallo do centenario, nunha entidade da Federación de Sociedades Gallegas, o Ateneo Curros Enríquez, advertía: “Temos noticias de que alá tamén se preparan a celebrar o centenario de Curros. ¿Qué dirán?”. O conferenciante, logo, pregunta: “¿Non saben eses farsantes hespañoleiros que nese mesmo convento de Celanova, á beira da que se lle vai render homaxe, foron fusilados e torturados centos e centos de galegos...?”⁴³.

En efecto, á beira do mosteiro de Celanova –prisión franquista durante anos– celebrouse o gran acto oficial, o organizado por unha Comisión designada polo Gobernador Civil da provincia e que presidiu Manuel Rodríguez Alonso, alcalde de Celanova⁴⁴. O

43. “Discurso do señor Ramón de Valenzuela”, *Galicia*, 20-9-1951.

44. O secretario, Alfonso Vázquez, catedrático de Xeografía e Historia no Instituto de Ourense.

16 de setembro, nun acto literario celebrado nesta vila, entregáronse os premios do Certame: a Alberto Vilanova, o primeiro, por un estudo biobibliográfico; a Celso Collazo, o segundo, por un estudo sobre “A Virxe do Cristal”, etc. Ó final da entrega, actuou de mantedor Ramón Otero Pedrayo, quen, segundo o resumo de *La Región*, fixo “un estudio de la figura de Curros, centrada en las sugerencias de dos de sus más bellos poemas: ‘Ben chegado’ e ‘Na morte de miña nai’, en los que se encuentran bastante claras las características del alma atormentada del poeta. Desembocó el estudio en la leyenda ‘A Virxe do Cristal’, a muchas de cuyas partes aludió el Sr. Otero Pedrayo con maestría y acierto, mereciendo una clamorosa ovación al terminar su magnífica pieza oratoria” (18-9-1951). No mesmo día ingresaron, como membros numerarios da Real Academia Galega, Xoaquín Lorenzo Fernández e Xesús Ferro Couselo. Contestaron ós seus discursos de ingreso, respectivamente, Ramón Otero Pedrayo e Florentino López Cuevillas. Con posterioridade, descubriuse o busto de Curros, feito en bronce por Asorey, acto no que pronunciou unha alocución Manuel Casás, presidente da Academia. Houbo algunhas outras intervencións entre as que cómpre subliñar a de Daniel Calzado, quen, na casa de Curros, “leyó una cuartilla de adhesión, en nombre de los gallegos residentes en la República Argentina”.

La Región, o xornal que informa máis polo miúdo desta xornada celanovense do 16 de setembro, non indica en que idioma falou Daniel Calzado e igual acontece verbo da peza oratoria de Otero Pedrayo (ambigua información que ofrecen outros periódicos de Galicia).

Hai un periódico da diáspora, *Galicia* (da Federación), que nos informa sobre este e outros puntos, información que, en parte, paga a pena reproducir:

a) El centenario de Curros Enríquez pasó casi desapercibido en Galicia.

b) Los actos... se han reducido a un pequeño acto en Vigo, otro de menos importancia en Orense, y el principal, se llevó a cabo... en

Celanova. [...] En concreto: un modesto monumento en Celanova, un modestísimo concurso literario, un banquete “a las autoridades”, una placa en la casa natal de Curros (que no se colocó, aunque figura en el programa)⁴⁵.

c) ... haciendo total caso omiso del idioma en el que Curros inmortalizó su obra, todo lo que se dijo fue en un idioma extranjero...⁴⁶

d) En representación del Centro Gallego de Buenos Aires, asistió uno de los miembros de la Directiva, el Sr. Calzado, quien, para pronunciar su discurso... tuvo que pedir la venia al alcalde, y eso que en él no se hace ninguna atrevida alusión...

A continuación, reproducíase o discurso que foi dito en galego. Aínda que o orador sabía moi ben que falaba *in partibus infidelium* desliza estas dúas observacións: “Curros esperta nos emigrados o ‘instinto de loita’” e “os seus cantos chégannos a ialma porque é a revelación da súa rebeldía contra un mundo que el quería que fose mellor”. Tamén acerta ó chamar “lira de ferro” á lira de Curros Enríquez.

Na Coruña imprimíuse⁴⁷ un opúsculo de 32 páxinas co título *Centenario de Curros*, custeado por “Galicia S. A. Seguros y reaseguros”, da Coruña, empresa que se publicita no folleto. Contén senllos artigos de Álvaro Cunqueiro e Eugenio Montes, un poema (non inédito) de Gonzalo López Abente (“Unha oración”), un poema inédito, cálido e fermoso, de Celso Emilio Ferreiro⁴⁸ e unha miniantoloxía dos poemas de Curros, todos aptos para aquel tempo, incluído “Nouturnio”.

Os prosistas do opúsculo tampouco rompen unha lanza por Curros Enríquez. Cunqueiro, no artigo que titulou “Celanova”,

45. *Centenario de Curros Enríquez (1851-1951). Homenaje al poeta de las Comisiones provincial de Orense y local de Celanova*, Orense, Imp. Enc. Lib. La Industrial.

46. De ser certa a información, tamén Otero Pedrayo disertou en castelán. ¿Houbo tantas presións sobre don Ramón? Téñase en conta que Otero Pedrayo xa exercitaba a oratoria en galego desde 1949 (homenaxe, en Ourense, a Lamas Carvajal).

47. Litografía e Imprenta Roel.

48. Que acolle, con variantes, no libro *O sono sulagado*, 1955.

dedica ó poeta só unha liña (referida á “Virxe do Cristal”), actitude que reiterará mesmo en tempos en que falar, con entusiasmo, do poeta civil non era problemático. Lémbrese que en xullo de 1975⁴⁹, xa na agonía de Franco, Cunqueiro opinaba: “... Curros no fue un gran poeta. Curros es historia literaria y política de la Galicia del siglo XIX [...] Ni incluirlo, si algún día la hiciese, en una, mía, antología de la poesía de mi lengua, desde Bernal de Bonaval a Manuel Antonio y Luis Pimentel”. Non carece de valentía intelectual facer unha afirmación coma esta nun tempo en que os criterios literarios predominantes eran os da *gauche*, dito sexa cun galicismo que o propio Cunqueiro emprega aquí. Tamén denota valentía –erros á parte⁵⁰– o que opina sobre *O divino sainete*, “texto, a la vez, banal y grosero, de un anticlericalismo primario”⁵¹. Denota valentía e, asemade, miopía.

O outro artigo do folleto, “En el centenario de Curros Enríquez”, xa o publicara o seu autor, Eugenio Montes, en agosto, na revista *Mundo Hispánico* (Madrid)⁵². Montes, daquela na ética e na estética falanxistas, canoniza, exclusivamente, ó autor da “Cántiga”, “O gueiteiro” e “A Virxe do Cristal”, e chega a dicir que a febre da I República e os arrebatos da Democracia “casi le sofocan las voces íntimas de su poesía. Por poco se pierde para la poesía, para su tierra, para todo”. Velaquí, pois, unhas páxinas en prosa que expresaban, nas súas omisións e nos seus pronunciamentos, o pensamento oficial verbo da poesía de Curros Enríquez.

Erosións ou resistencias –pequenas, en xeral– a este pensamento oficial habería que procuralas nos discursos de Otero Pedrayo, tanto no de Celanova como no que pronunciou na Academia Galega⁵³, discursos dos que non quedan, nin sequera,

49. “Curros Enríquez”, *Destino*, Barcelona, 6-7-1975.

50. Cando afirma, por exemplo, que Curros foi procesado por este libro, lapsus perdable nun lector tan impermeable.

51. Nunha carta aberta en *Destino*, replícalle con enerxía Xavier Costa Clavell (11-9-1975).

52. Co título “Curros Enríquez el de Celanova”.

53. “... hizo un acabadísimo estudio de la personalidad del poeta” (*Boletín de la Real Academia Gallega*, 294-96, diciembre, 1951, p. 335).

resumos dignos de tal nome. O que non dicían os discursos oficiais ou oficiosos atópase nos autores do exilio interior que publican no exilio exterior, trátase de periódicos de Buenos Aires ou de emisións radiofónicas da BBC de Londres. Xa é significativo que un destes textos, de Ramón Vilar Ponte, se titule “Curros Enríquez, o poeta da liberdade” (17-10-1951)⁵⁴.

Nas actividades culturais de Galicia no ano do centenario de Curros hai unha omisión moi significativa, un silencio moi elo-cuente. En Santiago, o Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos montou unha mostra (literaria, iconográfica...) para homenaxear a Emilia Pardo Bazán⁵⁵, estrictamente contemporánea de Curros Enríquez (ámbolos dous naceran en setembro de 1851). Algúns dos seus dirixentes (Filgueira Valverde, sobre todo) sabían moi ben cómo montar unha mostra de homenaxe a Curros Enríquez (centrada, por exemplo, na “Virxe do Cristal”) que non suscitase reproches ou sospeitas nos custodios da ortodoxia oficial. Se non o fixeron é que, nesa data (1951), había forzas políticas no seo do Instituto de Estudios Gallegos interesadas en que esta institución non lembrase, nin de lonxe, o Seminario de Estudos Galegos, ó que o Instituto, sen continualo, sucedeu.

6.1.3 A oficialidade (II): José Luis Varela e Manuel Fraga Iribarne, en Madrid, e Antonio Lorenzo Sánchez, en Barcelona

Dos Centros galegos existentes en España no ano 1951, en dous deles, o de Madrid e o de Barcelona, o nome de Curros tivo certa presenza, sobre todo no de Madrid, precisamente o máis franquista, o máis oficialista. Xa é significativo que presidise a institución o xeneral en activo Constantino Lobo Montero, parente, por outra parte, do Dictador. Paga a pena examinar con atención

54. En *Galicia desde Londres* (ed. de Antonio Raúl de Toro Santos), Oleiros (A Coruña), Editorial Tambre, 1994, pp. 295-97.

Emítense, en 1951, dúas conferencias máis: unha de “Emilio Celanova” (Celso Emilio Ferreiro), “Curros Enríquez en Londres”, e outra de Florentino López Cuevillas.

55. 4.^a *Exposición dedicada a la Condesa de Pardo Bazán con motivo del centenario de su nacimiento*, 1951.

as actividades literarias organizadas por este Centro ó longo de 1951 e detectar, dentro delas, cándo aparece Curros e qué dimensións do escritor aparecen.

Convocouse un certame literario que era, en certo modo, un *totum revolutum*. Nunha crónica oficial lemos: “coincidiendo con los centenarios del nacimiento de la eximia escritora doña Emilia Pardo Bazán, de Manuel Curros Enríquez, Andrés Muruais, Benito Vicetto y Saralegui y Medina, [la Comisión de Cultura] organizó el Primer Certamen Literario del Centro Gallego de Madrid, dotados con premios cuya cuantía será estipulada de acuerdo con la importancia del tema”⁵⁶. No tema “Curros Enríquez y Madrid” foi premiado o traballo de Augusto González Besada e Melendo Abad (3.000 ptas.)⁵⁷; no tema “La Pardo Bazán como poetisa”, José Montero Padilla (2.000 ptas.); no tema “La lengua gallega de Curros”, Antonio Lorenzo Sánchez (2.000 ptas.); no tema “Vida y obra de Manuel de Saralegui”, José Arias Campoamor (1.500 ptas.); no tema “Proyecto de una edición de obras dispersas de Andrés de Muruais”, Benito Varela Jácome (1.000 ptas.), e no tema “Evocación de la personalidad de Vicetto”, Luis Carré Alvarellos (1.000 ptas.).

Presidiu o xurado quen era, nesa altura, presidente da Comisión de Cultura: Manuel Fraga Iribarne, un galego de 28 anos, catedrático de universidade, que asombraba xa daquela polas súas erudicións e que, tan novo, era secretario xeral dunha importantísima institución franquista, o Instituto de Cultura Hispánica. Fraga Iribarne foi un dos oradores nun ciclo de conferencias que se pronunciaron en xuño dese ano. Disertaron, tamén, Fraga de Lis, Blanco Tobío, Gamallo Fierros, Ramón Fernández Pousa e José Luis Varela, todos no discurso oficial ou nos seus arredores. Un deles, José Luis Varela, non era alleo a certos modos do pensamento fascista e confesábase, ademais, admirador de Vicente Risco, do peor Risco, teorizante, nesas datas, do nacionalcatolicismo

56. “Actividad cultural”, *Mundo Gallego*, 1, 1952 (órgano do Centro).

57. Que en 1952 publicaron o libro, cun prólogo de R. Cabanillas, M. C. E. *Biografía*, Madrid, Artes Gráficas Minerva.

español. A conferencia de Varela, de título moi significativo, “Curros, lira torva”, supoñemos que preludia o artigo que, meses despois, se publicou no número 3 da Colección Grial co título “Curros o el Progreso”⁵⁸. O xove profesor, non carente de erudición nestes e noutros terreos literarios do XIX español, fai, ó longo do seu traballo, afirmacións coma estas:

a) ... Curros, cuyas ideas –sin duda adocenadas y de origen dudoso o secundario– hemos intentado abocetar (p. 31).

b) *O divino sainete*, libro de escándalo por el que no siempre es fácil caminar sin taparse las narices (p. 36).

c) Algo turbio y torvo preside la creación literaria de Curros Enríquez (p. 42).

O autor, daquela lector de español en Alemaña, nun momento do seu discurso, fai esta confesión: “Desmoralización total, ya que, como en muchas ciudades alemanas de hoy –reducidas a impresionantes gusaneras en nombre de ideas democrático-progresistas similares a las de Curros– la vida presente nos resulta impensable entre tantos escombros” (p. 37). Os fascistas de calquera parte do mundo sempre se opuxeron –con ou sen votos– ás ideas democrático-progresistas, que son, lamentablemente para Varela, as de Curros Enríquez, responsable, ó seu modo, de que as cidades alemanas fosen bombardeadas en 1944 e 1945 pola aviación aliada. Non estaba no ideario dos laboristas ingleses e dos progresistas estadounidenses destruír cidades alemanas, pero si defende-lo mundo da agresión nazi, da provocación de Hitler, quen, desde 1933, torturaba e mataba a alemáns

58. *Presencia de Curros y D.^a Emilia*, Vigo, Galaxia, 1951.

É certo que Curros en “Encomenda” fala da súa “lira torva” (“Teño unha corda muda / na miña lira torva”), pero o título “Curros, lira torva”, na pluma dun crítico das características de J. L. Varela, é outro cantar. Cando, en 1958, recolle este estudio en *Poesía y restauración cultural de Galicia en el siglo XIX* (Madrid, Gredos) non o reproduce, en fragmentos moi delicados, na súa totalidade. Nesta terceira saída titúlase “Curros y el Progreso”.

(xudeus e non xudeus) polo feito de teren, como Curros, ideario democrático-progresista. A José Luis Varela, xove profesor galego na Alemaña de Posguerra, dóelle vivir nunha cidade en escombros e responsabiliza da destrución ós aliados, non a Hitler, salvador das esencias espirituais de Europa, como algunha vez escribiu Vicente Risco, o seu admirado mestre.

Nestas mans estaba Curros nesa ocasión, tanto que o discurso do propio Manuel Fraga Iribarne non resulta moi intemperante. O cronista (quizais Dionisio Gamallo Fierros) fai esta presentación do orador:

A las once de la noche del viernes, 22, ha tenido lugar, en el suntuoso teatro del Instituto Ramiro de Maeztu, la solemne sesión de clausura del ciclo de homenajes con que el Centro Gallego ha conmemorado el primer centenario del nacimiento en Celanova (Orense) del gran poeta Manuel Curros Enríquez. El amplio coliseo de Serrano, 27, presentaba un aspecto magnífico y en él ocupaban lugar preferente las gentiles nietas del cantor de *Aires da miña terra*, señoritas Ángela y Manola Curros Ortega, diplomáticos hispanoamericanos, directiva del Centro Gallego, destacados compositores musicales, escritores y artistas. Se abrió el acto con la intervención del presidente de la comisión de Cultura del Centro Gallego, catedrático de Universidad, diplomático y letrado de las Cortes, don Manuel Fraga Iribarne, que vestía de etiqueta ostentando la honorífica medalla de Correspondiente de la Real Academia Gallega. Con voz de inconfundible fonética galaica, y una acción sobria y elegante, pronunció el siguiente discurso en torno al tema “Curros Enríquez, hoy”.

Entre outras cousas, dixo:

I. ... supla a nuestra modestia el entusiasmo con que le ofrecemos este homenaje. Al rendírselo, lo digo bien claro, pues no nos duelen prendas, lo hacemos de modo total y decidido, sin reservas de ninguna clase. El Curros histórico, el que procesaron en Orense y absolviéron en La Coruña; el hijo testarudo que no quiso ser notario como su padre y abandonó la jurisprudencia por el periodismo; el republicano entusiasta que, la misma noche del 11 de febrero de

1873 en que se proclamó en Madrid la primera República, con el mismo entusiasmo fácil del 14 de abril, que todos recordamos [...]; el hombre desconfiado, adusto, malhumorado, a ratos injusto, desencantado de tantos engaños, emigrado a Londres y luego a Cuba... Ese Curros histórico, de carne y hueso, murió con su cuerpo cansado, con su generación, con los problemas de aquella España que otro gran poeta llamó “vieja, tahúr, zaragatera y triste”.

II. Porque muerto y enterrado el Curros histórico, nace y nos queda el Curros eterno; el Curros que generaciones de gallegos recitarán y cantarán; el Curros de la melancolía divina de “No xardín unha noite sentada”; el Curros de “Cando non me alumean eses teus ollos”; el Curros satírico de “Tangaraños”; aquel Curros es el de “A Virxen do Cristal”, el meditabundo ante la tumba de Rosalía, el que llamó a la “Alborada” de Veiga *Pange lingua druidico*: la plenitud de la poesía moderna, que sonará mientras en el mundo se oiga una gaita, y la Vía Láctea sea el Camino de Santiago.

Transcrita a breve alocución, o cronista, xa no papel de comentarista, expón: “Este discurso (en el que, elocuentemente, con agudeza y generosidad, se despojó a la memoria del poeta de todo lo circunstancial y pasajero, para quedarse con su inmortalidad de cantor del alma, la costumbre y los instintos de su tierra) fue entusiásticamente aplaudido por el numeroso y selecto público”⁵⁹.

Quen lea, completa, a alocución do xove profesor vilalbés, decatarase, axiña, de que a figura de Curros non suscita nel as xenreiras que nese ano lle prodigou José Luis Varela. Pero Fraga Iribarne, como xa viñan facendo os críticos de dereitas desde antes do 36, esfórzase en afirmar que os únicos poemas dignos son aqueles que están totalmente alleos á conflictividade histórica do momento, que, en non pequena parte, era a de 1951. No fondo, o alegato de Fraga Iribarne en favor duns poemas, en certo modo, puros, é o alegato dun político franquista que, invalidando como poesía a poesía “non pura” de Curros, invalida toda esta poesía como lectura e denuncia da sociedade de 1951. Político e todo, o discurso de Fraga, no seu tempo, é máis reno-

59. *La Noche*, 27-6-1951.

vador có de moitos outros, por exemplo, o do semifascista José Luis Varela.

Risco acudiu á cita do centenario cun artigo en *La Región* de Ourense: “Mi encuentro con Curros Enríquez”. O parágrafo que reproduce é mostra elocuente do seu ideario antidemocrático: “En Londres, experimentó el despegue de la multitud callejera por su miseria, y, en cambio, experimentó la delicada protección de un hombre culto, de un hombre que no era de la calle”. Dito o cal, parece compadecerse do noso escritor: “Sin embargo, Curros era demócrata” (30-7-1951).

Nun artigo posterior, no mesmo xornal, “Curros, nuevamente”, manifesta con claridade que o noso escritor “No parece... un poeta propio para jóvenes de hoy”, e, de contado, amosa a súa sorpresa polo feito de que algúns mozos novos, no centenario, sentisen admiración por Curros, incluso polo Curros autor de poemas que foron expresión do seu “ambiente histórico”.

O Centro Galego de Barcelona, menos oficialista có de Madrid, tamén conmemorou o nacemento de Curros Enríquez (e o da Pardo Bazán). A principal conferencia sobre o noso poeta pronunciouna Antonio Lorenzo Sánchez, que era, certamente, un entusiasta do talento lingüístico de Curros na utilización do idioma galego (“Su verdadero valor literario, inmarchitable, está en su lenguaje gallego, muy superior al de Rosalía y Pondal”). Froito deste entusiasmo polo idioma de Curros foi o traballo “La lengua de Curros Enríquez”, que premiou o Centro Galego de Madrid nese ano. Pero na conferencia de Barcelona, cando fala do poeta, hai xuízos coma estes:

I. ... las influencias más patentes en su obra y su vida: Hugo, Carducci y Guerra Junqueiro. Estas influencias permanecen, empero, soterradas como guadiana dinamitero hasta 1880. *Aires da miña terra* es su erupción [...] cuando Curros regresa a Galicia, ya no es gallego. Será poeta, en gallego, pero no poeta gallego...

II. Curros, a partir de *Aires* pierde toda autenticidad para convertirse en bandera o piedra de escándalo...

III. Sin negarle valor poético, la mayor parte de la obra gallega de Curros, “literariamente”, la considera deleznable. Curros en este aspecto fue árbol de hoja caduca. Al identificar su estilo con ciertas modas artísticas y filosóficas, y esto, que fue la clave de su popularidad desmedida, fue también su talón de Aquiles.

IV. ... la formulación del recurso de revisión del proceso judicial de Curros..., en pura juricidad fue el inferior quien juzgó con arreglo a derecho y no el superior, que más bien lo hizo como Jurado que como Tribunal.

Atéñome, nestas citas, ó resumo que publica *Alborada*, a revista do Centro, en xullo de 1952. O cronista finaliza con esta noticia: “La conferencia del señor Lorenzo, muy documentada y de lenguaje violento y sugestivo, provocó muy dispares comentarios”.

Home moi da ideoloxía dos vencedores da Guerra Civil, Lorenzo Sánchez non era insensible a certos talentos de Curros, ó que, sempre que pode, sen negarlle o sal, regatéalle boa parte do pan. Como José Luis Varela, como Fraga Iribarne...

6.1.4 A oficialidade (III): presencias e ausencias na Habana

O Centro Galego desta cidade tiña a obriga de organizar unha conmemoración memorable. Conscientes os organizadores, invitaron, reiteradamente, a don Ramón Otero Pedrayo, que non chegou a ir a Cuba, el, que en 1947, fora a Buenos Aires invitado polo Centro Galego. O que acontece é que o Centro da Habana estaba gobernado por persoas máis ou menos franquistas, circunstancia que debeu influír decisivamente en Otero Pedrayo para declinala súa intervención. Entre as cartas remitidas a don Ramón que obran na Fundación Penzol, hai unha, asinada por Do Campo, que comeza desta insólita maneira: “Querido amigo: Ó estilo d'Ourense, eres un *cagán*. Tes medo”.

Ó non contaren os organizadores con Otero Pedrayo, invitaron a Eugenio Montes, daquela aínda falanxista non vergonzante. Hai documentación gráfica e literaria de tal índole na revista *La*

*vida gallega en Cuba*⁶⁰ que dá a impresión de que o homenaxeado non foi Curros Enríquez senón Eugenio Montes.

Xerardo Álvarez Gallego, que residía na Habana, como exiliado, nestas datas, deixounos unha crónica dos actos do Centro Galego (unha crónica moi crítica). Titúlase “Un Curros Enríquez falsificado”, e dela escollemos estas secuencias:

I. Se nos ha servido un Curros Enríquez apócrifo...

II. ... pudo hacerse una reedición con estilo moderno y bien revisada de las obras completas de Curros. Hubiera constituido el mejor homenaje, además del menos gravoso... porque la gran compra de ejemplares en España y América haría reintegrable el anticipo de su impresión.

III. ... un Jurado, discutible, fuera de su Presidente, dejó, muy poco elegantemente, desierto el primer premio al que concurrieron trabajos como el de Fernández del Riego, uno de los valores jóvenes de más ancho prestigio en la Galicia de hoy. (El hecho de haber sido dotado el premio por el propio Centro autoriza la suspicacia de que quiso reservárselo para ayudar a pagar el tan inútil como largo viaje de Eugenio Montes, el Mantenedor mantenido).

IV. ... inferiorizaron el homenaje algunas intervenciones, evidentemente bajas de techo, aunque, en contrapartida, lo elevaron otros aportes inesperados como el de Gastón Baquero.

V. No vino Otero Pedrayo [...] En vez de Otero Pedrayo –cultura sólida– vino Eugenio Montes, cultura bien administrada. Y el académico falangista –de vuelta de su militancia socialista–, tenor hogaño de la unidad de Franco, de regreso del nacionalismo gallego, voló veinte mil millas e hizo gastar veinte mil maravedises para pronunciar en La Habana unos discursos febles, chirles y, sobre todo, hipocritones hasta la burla.

Álvarez Gallego publicou este alegato nunha importante revista da Habana, *Bohemia*; meses despois reproducíuno en Buenos Aires *Opinión Gallega*, de onde o tomo eu (núm. 134, 1952).

60. La Habana, 1951.

6.2 *Os estudiosos non oficialistas en Galicia:*
algunhas calas

Non é oficialista a colección Grial, da Editorial Galaxia, aínda que no número 3 da colección colabore José Luis Varela, fascistizante nesa altura. Como non oficialista hai que entende-lo artigo de Ricardo Carballo Calero “Algo sobor da poesía de Curros”, crítico que, non sendo daquela, nin despois, un entusiasta da “poesía social”, redacta neste traballo liñas cheas de comprensión para este tipo de poemas “cuia forza endexamais esmorece en tópicos prosaicos” (p. 13).

Sen dúbida o lector máis devoto, dentro dos escritores non franquistas, foi Celso Emilio Ferreiro, como pode verse nalgúns páxinas do seu *Curros Enríquez. Biografía*, publicada por Moret en 1954 pero escrita nos días do centenario. Téñase en conta que, moi pouco despois, este devoto da vida e da obra de Curros irrompería no mapa das Letras galegas con páxinas antolóxicas da nosa poesía civil.

Curros, como poeta civil, foi obxecto de valoración entusiasta en críticos que, ás veces –e non por casualidade–, publicaban estes xuízos fóra. Valentín Paz-Andrade, por exemplo, podía afirmar nun periódico da colectividade galega de Buenos Aires: “Até chegar Castelao, Curros Enríquez foi a individualidade galega que máis conmoveu en vida as entranas do pobo” (“O home e o poeta en Curros”, *Lar*, 25-7-1951). Tamén foi capaz de afirmar: “O pensamento político, con ser en Curros obsesivo, non enlixou a cristaíña voz do seu lirismo, nin deformou as súas visións de poeta”.

Dentro da crítica non franquista, sorprenden certos repáros de Francisco Fernández del Riego, quen non só non é franquista senón que é, nesta altura, unha das actitudes intelectuais máis belixerantes contra o franquismo. Na revista *Árbor*, de Madrid, refírese ó poeta Curros nestes termos: “... no fue un revelador del alma de Galicia; su psicología era casi rudimentaria, y sus poemas no pierden su contenido espiritual en la traducción” (1951, p. 551).

Son palabras escritas, nunha crónica cultural galega, para unha revista moi do Réxime, pero o certo é que nesas mesmas datas (xuño de 1951), no seu *Manual de historia de la literatura gallega*, opina: “La lírica gallega le debe a Curros un color de rebeldía... Es necesario señalar, imparcialmente, que esta rebeldía fulminante y condenatoria en las letras gallegas, no se encuentra dentro de nuestro temperamento, que prefiere otras formas de acción y de discusión. En Curros es, primeramente, un asunto de republiquerías y papados: como se ve, cuestiones a las que no se les puede conceder transcendencia lírica” (p. 82).

Todo indica que Fernández del Riego tiña en pouca estima a musa civil e rebelde de Curros. De feito, nun libro publicado na Galicia emigrante, en Buenos Aires, tres anos despois, hai, no capítulo dos poetas, páxinas para Pastor Díaz, Añón, Rosalía, Pondal, Lamas, Vesteiro Torres, Noriega Varela, Cabanillas, Taibo..., pero non para Curros Enríquez (*Galicia no espello*, 1954).

É certo que non tardaría Fernández del Riego en achegarse, con outro talante, á poética de Curros. En 1957, na *Escolma* do século XIX, escribe: “Namorado o poeta da liberdade do seu país, levando acesa no miolo a chama vital do ideal do progreso, os seus versos, xurdiamente galegos, son tamén europeos” (p. 100). Anos despois, en 1971, aínda sostén: “O universalismo de Curros, o seu progresismo, o seu liberalismo e outros *andacios* [a cursiva, miña] da época mantivérono un pouco alonxado da súa verdadeira misión de poeta civil de Galicia” (*Historia da literatura galega*, p. 107). Nesta ocasión retoca un parágrafo de 1951: “El universalismo de Curros, su progresismo, su liberalismo y otras *vaguedades* lo mantuvieron siempre un poco alejado de su exacta misión como poeta civil de Galicia”. Crítico e publicista tan presente nos medios culturais galegos, non sabemos en qué medida a súa actitude pouco entregada a certas páxinas políticas de Curros influíu nos lectores e nos estudiosos do noso escritor. En calquera caso, os xuízos emitidos por Fernández del Riego, antes e despois de 1951, dentro ou fóra das publicacións oficialistas, son xuízos emitidos desde a súa honrada conciencia de lector e nunca condicionados polas presións ou os afagos dos poderes.

As voces máis entusiastas de Curros, neste momento, non están en Galaxia, onde o mentor, Ramón Piñeiro, posúe unha sensibilidade literaria que o sitúa moi lonxe do noso poeta. De dúas desas voces –Celso Emilio Ferreiro e Valentín Paz-Andrade– xa falamos, algo dixemos. Hai outras, algunhas moi novas, como a de José Luis García Mato (1924-1980), que publica, en *El Progreso* (Lugo), “Curros Enríquez y Galicia”, artigo no que define ó noso escritor “como el más grande y veraz de nuestros vates, el único que jamás supo ser hipócrita y por ello era rebelde a toda tiranía...” (25-7-1951). Por certo, o título auténtico –o do autor– foi “Galicia por Curros Enríquez”, título que nos fai lembrar, forzosamente, o de E. P. Hidalgo (“¡Galicia, por Curros!”), que tivo que publicarse, como dixemos noutro apartado, na Galicia exterior.

6.3 *Fóra de España: Buenos Aires (de novo), México, Caracas*

Cando conclúa este meu traballo, que será un libro, dedicarei non poucas páxinas ás actividades da colectividade galega de Buenos Aires, a que máis fixo por Curros non só no eido dos artigos de prensa e das conferencias senón no das publicacións, e aí están, entre outros importantes estudos, o de Alberto Vilanova e o de Luís Carré Alvarelos. Foi aquí, dun xeito especial na Federación de Sociedades Gallegas, onde se pronunciaron as pauliñas máis contundentes contra un Réxime, o de Franco, que silenciaba, ninguneaba ou trivializaba a poesía de Curros Enríquez. Algúns destes duros alegatos foron referidos noutros lugares desta conferencia e, en parte, reproducidos.

Tamén en México, na revista *Saudade*, un ilustre exiliado denunciou con paixón a miseria das homenaxes tributadas a Curros na súa terra. Refírome a un home de aquí, de Vilanova dos Infantes, a Luís Soto Fernández. Foi el quen no artigo “Encol do centenario de Curros Enríquez”⁶¹, entre outras cousas, estampou:

61. *Saudade*, México, 25-7-1952.

a) É ben craro que iste acontecemento de louvanza e homaxe ó gran poeta e loitador, mais ben semella unha profanazón insolente e hipócrita.

b) Mais, deixemos isto, pois o Centenario de Curros Enríquez será celebrado cando voltemos á nosa terra, liberada da pauliña regresiva...

Hai máis parágrafos de denuncia, pero hai no artigo, aínda que breve, outro tipo de observacións. Nun amosa a súa entrañable adhesión a Curros Enríquez e mesmo aporta un dato sobre a devoción dos emigrantes galegos ó noso poeta que semella, neses termos, un pouco esaxerado: “Os emigrantes galegos que se estenden desde Alaska á Terra do Fogo, cando chegaban ás terras da América, mercaban un libro cos primeiros cartos que gañaban: iste libro era *Aires da miña terra*, que viña a ser, dista maneira, unha Biblia política e nacional dos nosos emigrantes...”.

Non foron oficialistas os actos en homenaxe a Curros do Centro Galego de Caracas, pero non houbo, neles, voces de denuncia como a que vimos de oír. Sabido é que Silvio Santiago non era Luís Soto.

7 DESPOIS DE 1951

Habería que falar, entre outros, de dous anos: 1956 e 1969. En 1956, o Réxime de Franco autoriza a edición das *Obras escogidas*, que inclúe, na súa totalidade, *Aires da miña terra* e *O divino sainete*. Publicou este volume, de 1186 páxinas, a Editorial Aguilar, de Madrid. Nel beberon moitos lectores durante algúns anos, e tamén algúns estudiosos.

De 1969 é a edición do *Divino sainete* que eu preparei para Edicións do Castro. Nela, ademais das ilustracións plásticas e das variantes do texto autógrafo, ofrecíase un epílogo de Andrés Torres Queiruga, titulado “Refleicións teolóxicas encol do *Divino sainete*”, traballo que desacougou ou molestou a non poucos sacerdotes, o que lle fixo saber, ó autor, o mismísimo cardeal de Santiago, don

Fernando Quiroga Palacios, quen –comunicáame Torres Queiruga– non o reprobou. O certo é que o libro circulou, sen atrancos visibles, polas librerías, o que indica que Curros non lles creaba problemas serios ós funcionarios da Censura.

Así as cousas, Xosé María Álvarez Blázquez, director, en Vigo, da Editorial Castrelos, publica, na súa colección Pombal, o volume *Aires da miña terra e outros poemas*, “volume... que recolle por primeira vez –reza o colofón– toda a obra galega coñecida de M. Curros Enríquez”. O texto do colofón engade que tal volume saía do prelo “o día de San Xoán de 1971”. O volume continúa, ademais de *Aires*, *O divino sainete* e canto poema solto fora exhumado polos estudiosos. Era, en efecto, a *opera omnia poetica* en galego, o que foi, para eruditos e lectores, unha festa despois de tanta seca ou restricción editorial.

Pois ben, a edición, por parte de Xosé María Álvarez Blázquez, foi un desafío ó Goberno ou unha temeridade. Para entender este xesto temerario por parte de Álvarez Blázquez cómpre coñecer cal era, daquela, o esquema xurídico e administrativo no que se movía a publicación de libros e folletos en España. Sáibase que a Lei que regulaba esta actividade era a Lei de Prensa e Imprenta do 18 de marzo de 1966, lei que suprimía a Censura previa e instituía a “Consulta voluntaria previa”, invento do que estaba moi orgulloso Manuel Fraga Iribarne, pai da nova e problemática Lei na que viña traballando desde 1962, data na que foi designado, polo dedo do Caudillo, Ministro de Información e Turismo.

O volume de Curros foi levado por Ben-Cho-Shey, amigo do editor, ó departamento de Orientación Bibliográfica, sede dos funcionarios da Consulta voluntaria previa, funcionarios que se asañaron a fondo con Curros (*vid.* o Expediente núm. 5888-71, do 25 de xuño de 1971). En efecto, entre os textos prohibidos figuran: “A Igrexa fría”, “Mirando ó chau”, “Pelegrinos a Roma”, “Diante unha imaxe de Íñigo de Loyola”, “Na chegada a Ourense da primeira locomotora”, “O vento”, “Encomenda”, “Tangaraños”, “As dúas pragas”, “No convento”, “Sobre unha foxa”, “O

Ciprianillo”, “A Luciano Puga”, “Muiñeira monorrítmica”, “O último fidalgo”, “Pola unión” e a totalidade do *Divino sainete*. Os funcionarios mutilaron algúns poemas, entre eles “A emigración”, que consta de 64 versos e quedou reducido a 44, e, en canto á “Introducción”, suprimiron estes catro hendecasilabos, referidos ó idioma galego:

Ti non podes morrer... ¡Eso quixeran
os desleigados que te escarneceron!;
mais ti non morrerás, Cristo das linguas,
¡non, ti non morrerás, ouh Nazareno!

Cando o embaixador en Madrid de Álvarez Blázquez ante o Ministerio recibiu comunicación tan desmesurada, axiña me escribiu e copiou para min a deseiva que acabo de expoñer. Referíndose Ben-Cho-Shey ó policía literario, exclama na súa carta: “Sobre todo, cómpre ser despistado para tachar enteiro *O divino sainete* sen se decatar de que está á venda nas librerías despoixas de aprobalos iles mesmos”.

En efecto, desde 1969 o famoso *Sainete* de Curros era de venda legal en toda España. Por se fose pouco, o funcionario prohibe en 1969 un poema, “Tangaraños”, que o seu xefe máximo, o Ministro Fraga Iribarne, gabara na súa alocución de 1951, vinte anos antes.

Quen consulte o expediente ministerial citado observará que o oficio correspondente, verbo do volume de Curros, consigna: “No es aconsejable su publicación”, eufemismo administrativo que os editores interpretaban no peor sentido: que era suicida ou case suicida publicar ese libro. Eu pasei por unha experiencia igual, razón pola cal coñezo ben a cuestión. En efecto, un libro meu de 1967 non pasou as forcas caudinas da Consulta voluntaria previa, organismo que comunicou á editorial, Gráficas Tanco, de Ourense, que non era aconsellable a súa publicación, recomendación esta, aparentemente amistosa, que figuraba no oficio, pero o Ministerio, no exemplar do libro devolto á editorial, estampou, cun risco vermello, este participio en letras ben grandes:

DENEGADO. O meu libro era unha antoloxía que se titulaba *Trinta anos de poesía crítica (1936-1966)*. Así pois, o señor Fraga Iribarne prohibiu un libro meu en 1967, episodio que contei e comentei, hai dous anos, nun breve estudio⁶². Cando digo o Sr. Fraga Iribarne, enténdase a Lei Fraga, como, comunmente, se chamaba naqueles anos a Lei de Prensa e Imprenta do 18 de marzo de 1966, da que tan orgulloso estaba o Ministro de Información e Turismo. Agora ben, o responsable concreto da decisión punitiva non foi, en 1967, o señor Fraga Iribarne, foi un funcionario concreto do seu Ministerio, un Ministerio no que outros funcionarios, nese ano, autorizaron libros máis “perigosos” có meu, por exemplo, *El marxismo como moral*, do profesor Aranguren. Non sei se o censor do meu libro reparou, máis que no contido das súas páxinas, na lingua e na sospeita de que o autor e o editor, Carlos Vázquez, eramos comunistas (se tivo esta sospeita, non estaba errado).

